

## Concurso de méritos: prazas sometidas a convenio.

Na relación de prazas ofertadas entendemos que algunhas xa foron ofertadas na última convocatoria. Solicitamos que se nos informe sobre todas as prazas vacantes, queremos saber se houbo que cubrir algunha deserta.

Como en anos anteriores solicitamos que non se restrinxa o acceso a estas prazas ao persoal en prácticas e ao interino, respectando a preferencia do funcionariado de carreira e mantendo ao persoal interino na praza durante o tempo de duración da comisión sempre que lle corresponda traballar polas listas. [Van valorar a proposta de que poida participar o persoal interino, veno moi complicado polas datas, o profesorado en prácticas si vai ser admitido.](#)

A formación en centros do Exército debería estar regulada doutra maneira e se hai necesidades permanentes, esta formación debería ser transferida á Consellaría de Educación.

Os convenios con entidades privadas deben limitarse e non nos parece que sexa o mellor sistema de colaboración con entidades que teñen necesidades permanentes.

Tal como solicitamos para outros concursos esta convocatoria recolle a presentación telemática e presencial, por que nos outros casos non?

Consideramos que sería bo unha aclaración do proxecto a presentar, cando menos que temas tratar.

### Propostas ao baremo e texto da convocatoria

**Artigo 5.1.** Solicitamos nesta convocatoria, como en todas, unha comisión máis técnica, con perfís de profesorado con experiencia, cando menos, nalgunha das prazas ou perfís que se solicitan. Inclúese ao director da área de solucións

convenio	prazas
Escola de Especialidades Antonio de Escaño (Ferrol)	2
Escola de especialidades fundamentais da Estación Naval de A Graña (Ferrol)	4
Consellaría de Economía, Emprego e Industria. CIFP de Coia-Vigo	4
Consellaría de Economía, Emprego e Industria. CIFP Santiago	1
Consellaría de Sanidade. CHU de Ourense	1
Consellaría de Política Social	4
Secretaría Xeral para o Deporte en Ourense	1
Secretaría Xeral para o Deporte en Pontevedra	1
ONCE en Vigo	1
ASPANAES (A Coruña)	1
ASPAS (Santiago de Compostela)	1
Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia (Santiago de Compostela)	1
Coordinador/a escolarización poboación marxinada (Lugo)	1

tecnolóxicas do AMTEGA, supoñemos que é polas prazas Abalar, aínda que estas non figuran ([a administración dinos que serán incluídas](#)). O normal é buscar de igual forma perfís mellor adaptados para as prazas solicitadas.

**Artigo 6.** Estamos en desacordo coa entrevista e pedimos que se retire. De existir só tería sentido se estivese razoada polas dúbidas que lle poidan xurdir á comisión para prazas cun perfil moi técnico. Na maioría dos casos non ten o menor sentido. Por outro lado, o proxecto non debe ser eliminatorio.

**Baremo. Punto 4.** Solicitamos que o proxecto se faga en galego.